



Salón de Actos *Mercedes Núñez Targa*

Mercedes Núñez Targa (1911 - 1986) foi unha activista represaliada polo rexime franquista e o fascismo alemán. A súa mocidade transcorreu en Barcelona, onde se afincara o seu pai, xoieiro bergondés veciño do Cano. Mercedes recibiu unha boa educación e ía para monxa, mais decidiu saír do camiño trazado: traballou —como secretaria de Pablo Neruda, por exemplo—, e foi unha moza activa no político e no deportivo. Foi parte dun equipo de remo, do Club Femeni i d'Esports, ou de Amics del Sol. Afilouse ás Xuventudes Socialistas e logo ao PSUC.

Rematada a Guerra, foi enviada á Coruña para facerse cargo da dirección comunista, e alí detivérona. No 39 comeza un periplo represivo que a leva ao cárcere de Ventas, onde é reclusa con máis de 6.000 presas políticas.

Libre por un erro burocrático, fuxiu a Francia e acabou no campo de concentración de Argelés. Colaborou coa Resistencia Francesa. Detida de novo no 44, é levada ao campo de concentración nazi de Ravensbrück e liberada finalmente no 45 con fortes secuelas físicas froito das torturas e as condicións de vida. Morto Franco, volveu a Vigo, onde pasou a súa madurez elaborando un censo dos galegos mortos en campos de concentración nazis. Polo seu dinamismo e compromiso co seu tempo, e pola capacidade para sobreporse ás dificultades, dedicámoslle o nome deste salón de actos da Casa da Cultura de Bergondo.

Bergondo, novembro de 2020.



Centro Social de Santa Marta de Babío *Xabiela Fraga Sánchez*

Xabiela Fraga (1813–?) foi unha emprendedora do século XIX, desenvolvendo un oficio pouco habitual nas mulleres e que está no xermolo do éxito xoieiro do noso municipio.

Naceu en Babío nos tempos da Guerra da Independencia, nos que poucas mulleres traballaban en empregos que non estivesen relacionados co doméstico. Ao ficar viúva foi con seu irmán aprender o oficio de «prata e ouro» a Ferrol, un oficio perigoso e tradicionalmente vinculado aos homes.

Estes personaxes desprazábanse dunha vila a outra, e ao berro de «prata e ouro!», pesaban e pagaban as xoias que traían os veciños e veciñas. As dificultades

nun traballo así eran moitas para unha muller da súa época. Animou ao seu fillo de trece anos a que a acompañase nestes desprazamentos, aínda que se conta que era ela quen negociaba as compravendas.

Comezou adquirindo galóns de ouro dos militares de Ferrol, e pouco a pouco foi mantendo o seu negocio. Os seus descendentes son os «Xabielos», que contan hoxe con xoiarías de renome en Madrid.

Pola súa coraxe e afouteza, e por emprender en tempos escuros para as mulleres, dedicámoslle o nome deste centro en Bergondo.

Bergondo, novembro de 2020.



Centro Social de Friobre *Filomena Dato Muruais*

Nada en Ourense e coñecida como “a poeta das Mariñas”, Filomena Dato (1856 - 1926) foi a segunda autora que publicou en lingua galega (só despois de Rosalía de Castro). Defendeu a valía das mulleres en veladas literarias, conferencias e en obras coma Follatos, co premiado poema “Defensa das mulleres”. O seu feminismo católico e racional é coetáneo do movemento sufraxista.

Contou cunha rica vida intelectual, participando do movemento literario de finais do s. XIX e cunha intensa actividade xornalística en cabeceiras como El Heraldo Gallego. Dela foi testemuño o Pazo do Curro (Moruxo), onde a autora pasou estadias de descanso e inspiración en compañía de figuras como Sofía Casanova ou Pérez Lugín.

As súas estimadas Mariñas protagonizan algúns dos seus versos: «¡Mariñas feiticeiras! / ¡Qué doce debe ser o eterno sono / durmindo n-esas prácedas ribeiras!». Enterrouse no cemiterio de Moruxo, que hoxe conta cunha escultura na súa homenaxe.

Por ser pioneira na defensa dos dereitos das mulleres e no uso do galego na escrita, e pola calidade da súa obra, dedicámoslle o nome deste centro social en Bergondo.

Bergondo, novembro de 2020.



Centro Social de Guísamo *María Miramontes Matos*

María Miramontes (1895 - 1964) foi veciña de Guísamo, filla de xornaleiros que migraron para A Coruña. Nesta cidade a nena María, esperta e lúcida, traballou como costureira e mergullouse nos ambientes culturais da época. Participou na fundación das Irmandades da Fala en 1916, onde coñece o seu compañeiro, Ánxel Casal. Promoven algunha das iniciativas máis importantes na promoción da lingua e cultura galegas, como a editora Nós ou a Escola de Ensino Galego.

Fai parte do arranque do Partido Galeguista e da campaña de apoio ao Estatuto de Autonomía, defendendo sempre a necesidade de organización das mulleres. Toda a actividade compaxinada sempre coa costura en eternas xornadas de traballo.

No verán do 36 o seu home, daquela Alcalde de Santiago, é fusilado en Cacheiras. María exíliase a Bos Aires, onde continuará a exercer a súa profesión, e mantendo relación con persoeiros coma Luís Seoane.

Por soster co seu traballo, compromiso e bo facer algunhas das iniciativas máis senlleiras da cultura galega, dedicámoslle o nome deste centro social en Bergondo.



Casa da Mocidade *Jacinta Landa Vaz*

Nada nunha familia progresista estremeña, o seu matrimonio con Xohán Vicente Viqueira levou a Jacinta Landa (1894 - 1993) a vivir na Quinta do Cortón (Vixoi) e na Coruña. Jacinta formouse como mestra na Institución Libre de Enseñanza e especializouse no traballo con crianzas xordomudas e cegas.

Entusiasmada pola literatura oral, grava as cancións populares que aprende, que hoxe coñecemos grazas ao cancionero editado pola CentralFolque. Coa morte do seu compañeiro, desprázase a Madrid e traballa como matrona e mestra, funda dúas entidades de educación libre, ademais do controvertido Lyceum Club Feminino Español.

O 36 sorpréndea na Quinta do Cortón con nove crianzas dunha colonia escolar, coas que permanece pechada durante nove meses, resistindo grazas ao apoio da veciñanza. No 39 consegue evacualas, e involúcrase na asistencia aos fillos/as de persoas represaliadas. Exíliase coa súa familia a México, onde continúa a participar na vida política e cultural.

Pola súa implicación na defensa e coidado dos nenos e nenas, o seu amor pola cultura popular, e o seu compromiso coa educación e a democracia, dedicámoslle o nome deste centro en Bergondo.

Bergondo, novembro de 2020.



Centro Social de Lubre *María Fernández Sánchez*

María Fernández Sánchez (1887 - 1980), “Maruxa do Chelo”, naceu e viviu en San Xoán de Lubre. Foi parteira, e dise que coa súa axuda viñeron ao mundo máis de 800 crianzas de toda a contorna entre os anos 30 e 70.

Mesmo houbo médicos que solicitaron o seu apoio en casos especialmente complicados. O seu labor foi especialmente importante nun tempo no que todas as mulleres daban a luz na casa, acompañadas por algunha veciña da parroquia con habilidade, coñecemento e paciencia.

Por acudir nos partos, pagábaselle co que había nas casas. Pero isto non abondaba

para sobrevivir, e Maruxa foi tamén labradora e peixeira: mercaba peixe na lonxa da Coruña e ía vendéndoo polas aldeas de Bergondo, cun paxe na cabeza. É lembrada con afecto pola veciñanza pola súa bondade e implicación.

Por ter acompañado o nacemento de tantos veciñas e veciñas de Bergondo, e por manter os saberes relacionados co corpo, dedicámoslle o nome deste centro social en Bergondo.

Bergondo, novembro de 2020.



Centro Social de Vixoi *Luísa Viqueira Landa*

1918 – 2014 | Filla de Jacinta Landa e Xohán Vicente Viqueira, Luísa naceu na Quinta do Cortón (Vixoi). A súa vida, igual ca da súa nai, estivo fortemente marcada pola Guerra e a represión. Sendo moza, residiu por Francia, Suecia e Rusia, onde foi profesora voluntaria para crianzas da Guerra.

Con 18 anos marchou ao exilio mexicano, onde mantivo unha actividade política e cultural incansable. Impulsou o Patronato da Cultura Galega de México, ensinou a tocar a gaita e a bailar a muiñeira ás familias exiliadas, colaborou na revista Vieiros e presentou cada domingo un programa de radio en «La hora de Galicia».

Militou no PC e logo fundou a UPG. A represión seguiu presente na súa vida: o seu compañeiro apareceu asasinado nunha gabeira en 1949.

Apenas volveu a Galicia, «onde a miña vida foi truncada». Os seus restos descansan ao carón de seu pai, no cemiterio de Ouces, como foi a súa vontade.

Polo seu amor por Galicia e o seu traballo incansable no exilio, dedicámoslle o nome deste centro social en Bergondo.

Bergondo, novembro de 2020.



María Fernández Sánchez (1887 - 1980), “Maruxa do Chelo”, naceu e viviu en San Xoán de Lubre. Foi parteira, e dise que coa súa axuda viñeron ao mundo máis de 800 crianzas de toda a contorna entre os anos 30 e 70.

Mesmo houbo médicos que solicitaron o seu apoio en casos especialmente complicados. O seu labor foi especialmente importante nun tempo no que todas as mulleres daban a luz na casa, acompañadas por algunha veciña da parroquia con habilidade, coñecemento e paciencia.

Por acudir nos partos, pagábaselle co que había nas casas. Pero isto non abondaba para sobrevivir,

e Maruxa foi tamén labradora e peixeira: mercaba peixe na lonxa da Coruña e ía vendéndoo polas aldeas de Bergondo, cun paxe na cabeza. É lembrada con afecto pola veciñanza pola súa bondade e implicación.

Por ter acompañado o nacemento de tantos veciñas e veciñas de Bergondo, e por manter os saberes relacionados co corpo, dedicámoslle o nome deste centro social en Bergondo.

Bergondo, novembro de 2020.



Xabiela Fraga (1813–?) foi unha emprendedora do século XIX, desenvolvendo un oficio pouco habitual nas mulleres e que está no xermolo do éxito xoieiro do noso municipio.

Naceu en Babío nos tempos da Guerra da Independencia, nos que poucas mulleres traballaban en empregos que non estivesen relacionados co doméstico. Ao ficar viúva foi con seu irmán aprender o oficio de «prata e ouro» a Ferrol, un oficio perigoso e tradicionalmente vinculado aos homes.

Estes personaxes desprazábanse dunha vila a outra, e ao berro de «prata e ouro!», pesaban e pagaban as xoias que traían os veciños e veciñas. As dificultades nun traballo así eran moitas para unha muller da súa época. Animou ao seu fillo

de trece anos a que a acompañase nestes desprazamentos, aínda que se conta que era ela quen negociaba as compravendas.

Comezou adquirindo galóns de ouro dos militares de Ferrol, e pouco a pouco foi mantendo o seu negocio. Os seus descendentes son os «Xabielos», que contan hoxe con xoiarías de renome en Madrid.

Pola súa coraxe e afouteza, e por emprender en tempos escuros para as mulleres, dedicámoslle o nome deste centro en Bergondo.

Bergondo, novembro de 2020.